

AS BIBLIOTECAS DAS ORDES RELIXIOSAS NO OURENSE DO ANTIGO RÉXIME

A Xaime Illa, entusiasta de causas nobres.

O libro é o principal instrumento difusor da cultura, mais ata o descubrimento da imprenta no século XV, por causa do seu elevado precio, só podía ser utilizado por certas institucións (catedrais, mosteiros e universidades) e polas élites sociais, príncipes e magnates, e, posteriormente, cando a burguesía se desenvolve, polos profesionais do dereito, da literatura e da arte para os que o libro era un preciso instrumento de traballo.

Así pois, a fins da Idade Media non existían en España bibliotecas públicas no senso actual da palabra. Os libros seguían sendo caros e o seu comercio restrinxido, pese ó impulso que lle darán os humanistas co seu afán por formar coleccións de libros. As bibliotecas públicas nacerán máis tarde no século XVIII, ó fío da Ilustración e dos novos aires promovidos pola Revolución Francesa.

As bibliotecas na súa evolución pasaron por tres etapas. Nos seus comezos foron depósitos de libros ó servi-

cio dos privilexiados. Logo, convertéronse en institucións democráticas, ó abrir as súas portas a todos os que souberan ler e, hoxe en día abandonaron a súa posición pasiva pola preocupación activa de ir en busca do libro axeitado para cada lector.

A súa misión é importantísima no desenvolvemento do nivel de vida e no progreso dos pobos, pois a biblioteca é a institución docente máis extensa, máis intensa, de máis duración e máis representativa dos nosos tempos.

A orixe e formación das bibliotecas pode atoparse en adquisicións por compra, doazón, herdanza, sustracción e despoxo máis ou menos violento.

O interese do seu contido radica nas materias dos libros que a forman, na súa riqueza material (encuadernacións, iluminacións, gravados, etc.) e no número de obras que a compoñen.

A finalidade das bibliotecas varía de acordo co tipo. Non é a mesma a dunha orde relixiosa, a dunha universidade, que buscan a formación relixiosa e cultural ou científica, que as de particulares, magnates ou profesionais, que teñen ou poden ter razóns de formación científica, cultural, vaidade persoal, etc.

O acceso ó libro e á lectura, en tempos máis antigos estaba condicionado polo amplo analfabetismo e polo alto prezo do libro.

AS BIBLIOTECAS OURENSÁS NO ANTIGO RÉXIME

As bibliotecas máis antigas das que temos noticia na provincia de Ourense son as monacais e a do Cabido da Catedral. Estas institucións foron acumulando dende as súas fundacións na Alta Idade Media un bo caudal de libros ata que as desamortizacións dos séculos XVIII e XIX lles deron novos donos e beneficiarios.

AS BIBLIOTECAS MONACAIS E CONVENTUAIS

Os beneditinos dos mosteiros de Ribas de Sil e de Celanova, dende o século X, os cistercienses de Oseira, Montederramo, Melón e San Clodio, dende o XII, os franciscanos de Ourense (século XIII), Monterrei, Ribadavia e Tran-deiras, de datas posteriores, os dominicos de Ribadavia (século XIII) e Ourense (século XVII) e os Xesuítas de Monterrei (século XVI) e Ourense (século XVII), por non lembrar outras ordes de menor implantación e incidencia, dispuxeron de valiosas bibliotecas como instrumentos imprescindibles para a formación relixiosa e intelectual dos monxes, frades e colexiais, e para desenvolver as actividades que lle eran propias, como as de predicación e ensinanza.

As súas bibliotecas estaban situadas nos apousentos máis nobres dos edificios, seguindo en importancia á igrexa e ó arquivo, e estaban dotadas de valiosos e artísticos estantes, que inda hoxe podemos contemplar, máis ou

menos restaurados, en Celanova, Oseira e na Universidade de Santiago, que alberga a dos xesuítas ourensáns. Doutras, como a do mosteiro de Melón, temos algunha referencia documental¹.

Os fondos sonnos coñecidos polos inventarios feitos co gallo das incautacións do 1769 das propiedades xesuíticas e do traslado a Santiago, no ano seguinte, da biblioteca de Monterrei, e polos inventarios feitos no 1821 e 1835 como consecuencia das desamortizacións eclesiásticas dos mosteiros e conventos.

Estes inventarios relacionan as obras das librerías dunha maneira sumaria, pois, todo o máis, consignan o autor e o título, máis ou menos incompleto, pero si o número de tomos e volume e o tamaño. Nunca figura o ano de impresión (excepcionalmente atopámolo en dúas obras), polo que non nos é posible coñecer os incunables existentes nin os impresos de cada século. Tampouco identifican boa parte das obras, pois as descrições están tomadas de oído cos erros conseguíntes. As clasificacións ou agrupacións que presentan rara vez se fan por materias, predominando a encuadernación (en pergamiño ou en pasta) e, nalgún caso dannos, simplemente, o número de caixóns que contiñan os libros.

A razón destas variacións na confección dos inventarios

1 Segundo o Inventario feito no ano 1836 polos comisionados de amortización, a súa biblioteca estaba composta por caixóns pintados de azul, cinco tribunas con varandas pintadas e 20 remates ou bolas douradas, todo de madeira de castiñeiro (AHPOR. Hacienda. Caixa 10.256).

encóntranse en que foron realizados por comisionados diferentes con disparidade de formación e de criterios a aplicar.

A pesar de todas estas dificultades, é posible facer unha valoración aproximativa bastante positiva en canto ó volume, a riqueza e a calidade do seu contido.

A composición era a habitual nesta clase de institucións. Abundan as obras de teoloxía escolástica, Biblia e Patrística, ascética e mística, en latín e castelán, obras de predicación, de filosofía e historia, dereito canónico e civil, historia eclesiástica, de España e das Indias, de literatura clásica, grega e latina, española e europea, gramática, dicionarios hebreos, latino-árabe e francés-español. En varias figuran obras de matemáticas, de equitación, medicina e flora española.

Os conventos que dispuñan de boticas (Celanova, Oseira, Xesuítas) contaban cunha pequena colección de farmacopeas, dicionarios de farmacia e obras de química, botánica e medicina.

Os autores galegos son moi escasos. Aparecen as *Palmas y Triunfos de Galicia*, do padre Gándara, e *Los Anales del Reino de Galicia* de Huerta.

A biblioteca máis voluminosa e completa é a dos Xesuítas de Monterrei, que contaba con 3.039 volumes, ademáis de 3 legaxos con sermóns, cartas, folletos e papeis varios, 345 volumes de “libros de las congregaciones” de 15 diferentes obras e 2.600 cartillas de Astete que foron transferidos a Santiago. Había, tamén, libros de “letras humanas”

que quedaron en Monterrei para os mestres e ensinanza que unha carta orde do Consello de Castilla dispoñía crear e libros de matemáticas, xeografía, pilotaxe e náutica, que pasarían logo a Pontevedra.

Séguenlle as de San Clodio, con 1.013 obras, e Ribas de Sil, con 1.006, as do San Francisco de Monterrei, con 781, Melón, con 552 (en 1.063 volumes), San Francisco de Ribadavia, con 533 (1.188 volumes), San Domingo de Ourense, con 221 obras e 334 volumes soltos, Xunqueira de Espadañedo, con 201 obras, Montederramo, con 86 (en 264 volumes) e o Bon Xesús de Trandeiras, con 55.

Polo de hoxe non dispoñemos de datos sobor dos Xesuítas de Ourense, mosteiros e conventos de Celanova, Oseira, San Domingo de Ribadavia, San Francisco de Ourense e a Mercede de Verín, dos que non atopamos os correspondentes inventarios.

Todas estas bibliotecas dispersáronse, perdéndose en boa parte a súa integridade por mor da expulsión dos Xesuítas no ano 1767. Os libros de Monterrei foron para a Universidade de Santiago, que aínda conserva, entre outros libros, 8 incunables. Outra pequena parte, de letras humanas, xeografía, matemáticas, pilotaxe e náutica, foron para Pontevedra para engrosar un futuro centro de estudos náuticos, e os libros manuscritos e papeis privados ó Colexio de San Isidro de Madrid².

2. RIVERA VÁZQUEZ, Evaristo. *Galicia y los Jesuitas. Sus Colegios y enseñanza en los siglos XVI al XVIII*. A Coruña. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 1989.

As outras coleccións, despois da supresión dos conventos e mosteiros o 25 de xulio do 1835, sufriron perdas importantes ó quedar semiabandonadas nos respectivos edificios ata que no ano 1845 pasaron a formar unha biblioteca dependente da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense, aloxada nun primeiro intre no edificio que fora dos Xesuítas. Aberta ó público dous anos despois, o Goberno convírtea en Biblioteca Pública no ano 1848. No ano 1892 pasa o novo edificio construído para Instituto de segunda Enseñanza e no ano 1927 un voraz incendio convirte toda a biblioteca en pavesas.

OLGA GALLEGO DOMÍNGUEZ

BUJÁN NÚÑEZ, Daniel. "Librerías de Ordenes religiosas en la Biblioteca Universitaria de Santiago. Algunas notas sobre la librería del Colegio de Monterrei". *Homenaje a Daría Vilariño*.. Santiago. Universidad de Santiago de Compostela. 1993.